



A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

Este ano o DIA DE GALICIA tén de acadar maior expansión e popularidade que nunca.

O noso día nacional será un xurdido expoñente da firme decisión de Galicia en procura da súa liberdade, dos seus dereitos, da propia existencia.

VERBAS DE CHUMBO

X

Esta noite, sen querer, esmaguei unha chinche, e o noxo escorrentoume o sono. Xa se foi o «cantar» da taberna veciña; xa cantaron os galos no debalo da noite; xa calaron os grilos dos fornos; xa pasean as chinches pol-os corpos rendidos. No meu tellado castañolean as cigóñas; alguén pasa correndo en procura da parteira; nun reló calquera das as catro. Agora ábrese a luz; entra pol-a rúa o primeiro burro cangado de legumes; nunha esquina lonxana bocean o rotativo das «dereitas». Xa dou comezo a faxina dun novo día i-eu aínda non puden fechal-os ollos. ¡Qué cansazo de pensar!

As noites da miña Terra sempre me pareceron pequenas para durmir; pero estas noites de Badaxoz son longas edesperadas. Noites de afogo e pesade-lo, nas que as paixóns se inflan e reventan, como vinchas, e os pensamentos caen mortos, de tanto voar, nas pozas corrompidas.

Co cansazo da noite pasada sêntome a escribir para vós Quero adicarlle este artigo aos dereitistas que tanto abondan por eiquí e por ahí.

Dá noxo ver a grea de señoritos dereitistas que poñen a Xesús na porta da casa para viviren dentro dela en contubernio cos sete pecados capitales; pero dá máis noxo cando se repara na imprudencia que cometen os seus dirixentes espirituales, alentando egoísmos e xenreiras, para reconquistar, pol-a forza material das greas reacionarias, o que non foron capaces de conservar pol-a bondade propia. Mais esta cara do problema non é a que hoxe me interesa. Tampouco vou a discurrir encol da separación da Europa e da plebe en que viven os señoritos hespañoles e na que fundan o seu carácter serodio e o seu orgulo reseso.

Eu quero falar do patriotismo das dereitas. Elas considéranse complidoras do «derradeiro mandado» de Isabel la Católica e, naturalmente, ceiban inxurias e calumnias a oito. Os que non creemos que a unidade hespañola sexa anterior nin superior á súa variedade, somos úns canallas. Os que coimamos que o sistema unitario e centralista causou a ruína material e moral de Hespaña, somos úns falsarios. Os que non queremos someternos á violencia asimilista que iniciaron os Austrias e Borbóns, somos úns insurreitos. Os que calificamos de imprudencia o rexurdimento do tema relixioso ao reformar a Constitución pasamos por ser enemigos de Deus. Os que creemos que o sistema federalista pode resucitar a verdadeira tradición hispánica, somos úns traidores. Os que por acatamento á Constitución da República pedimos unha simple autonomía, rexional, somos úns criminales. Velahí porque os patriotas cataláns, vascos e galegos, somos aldraxados a decotto no café, no mitin, na prensa, na cátedra no púlpito, no Parlamento...

Os señoritos reacionarios pretenden anovar os seus imperialemos da vella monarquía e queren restablecer tempos abolidos, sen decatarse do bárbaro sacrilexio que cometen; porque no nome de Deus nin se pode afogar a libre respiración do espírito dos homes nin se poden coutar os anceios dos pobos que loitan pol-o seu propio ser. Os señoritos comungan coa «sagrada unidade da Patria», que é unha roda de muiño para nós e un amparo de privilexios anticristiáns para eles; pero será ben declarar que nin teñen concencia da unidade posibel nin sentimento de Patria verdadeira. E por moito que digan son os únicos separatistas que coñecemos: fóron-o de Portugal, son-o de Cataluña, seran-o de Buzkadi e de Galiza.

A un señorito que fala da «sagrada unidade da Patria» nasceulle un unlleiro. A door chegáballe ao corazón. E reparei que agarimaba o dedo en vez de aldraxalo, porque... o dedo enfermo era unha parte sensible da súa unidade corporal.

¡Porqué, despois, desprezan os «particularismos»? Porque non sinten a unidade.

E senón ollai como aos señoritos lles doi un simple collizo...

CASTELAO.

Charamuscas

Entre as cousas monstruosas que nas eleccións de Novembro, que serviron para prostituír a República, se produciron, figura ésta que compre non deixar pasar anque sexa xa un pouco tarde. Non moito porque das cousas que entón producéronse podemos tirar moitas aclaracións para o presente e moitas ensinanza para o porvir.

Na Birexa de Maside, na provincia de Ourense, apareceu un gran letrado que decía así:

Mujeres: para ir al Cielo.
Votad a Calvo Sotelo.

Un bñ detalle. Cando se proclamou a República, os concelleas eleixidos o 12 de Abril en Pontevedra recibiron o Concello das máns dos servidores da dictadura berenguerista. Como en todas partes.

Agora ao proclamarse a república eufórica que padecemos os xestores que se encargaron da Alcaldía pontevedresa foron exaitadamente os mesmos que o 12 de Abril entregáronlla aos republicáns de elección popular.

Este soio feito, que seguramente non é único en Hespaña, téa mais elocuencia que canto se poida decir de republicanismos dos aproveitados que o lerrouxismo e o cedismo infiltraron novamente na gobernanación de país.

Unamuno dixo en Portugal que

non quere para Hespaña as reformas políticas que o réxime de Oliveira Salazar está poñendo en práctica.

Non as pode querer ninguén que sexa liberal.

Mais D. Miguel en cousas políticas non goza de creto. Por eso e por outras cousas aínda pode ser posibel, que contra a súa opinión, as reformas sexan impostas.

Para eso está ahí o seu compañeiro de cátedra e de diputación. Gil Robles que con permiso de don Ale e outros permisos pode resultarnos o Oliveira hespañol.

Xá anda por ahí o proieto de reforma constitucional concebido en noxento maridaxe polos radicales que a votaron; os cedistas que son os seus mais encarnizados nemigos; os agrarios que non a votaron e... aínda mais. Non esquezamos como se produxo a primeira crise do goberno provisional. Ahí E tamén por ese tumor melquiadista que lle saleu a República.

Si chegara a facerse, que non se fará tal como a concebiron os inventores da reforma non quedaría da República mais que, pouco mais ou menos, o que foi a monarquía sin o rei.

A ésto chámase cínicamente «ensanchamento da súa base». Pero pode haber de todo. Que se atrevan, que poidera ser que o que se non fixo no ano 31 poidase aínda facer agora.

BALANCE

Viñan a pacificar os espíritos i-están encendendo unha cruenta guerra civil.

Otrexeron a moralización dos costumes políticos e o que fún é endereitalos polos vieiros mais inmorales e depravados.

Chamábanse perseguidos e practican a caza do home polo home.

Aldraxaron a un Palramento honesto, traballador, cheo de ilusión e crearon outro concupiscente, nugallán, agonizante dende o seu nacemento.

Encheron de inxurias aos homes representativos do réxime e resucitaron o mais apodrecido da Hespaña moura.

Ensañáronse no mais grande Estadista da Hespaña contemporánea e crearon un vil payaso de imitación.

Inventaron a verba «enchufismo» para levalo a práctica de maneira desenfundada.

Denostaron a democracia e resucitaron todo o criminal e mais noxento caciqui-mo.

Falaron de demagogía e crearon a mais espantosa das demagogías. Mais de relixión e utilizárona como bandeira electoral para fins bastardos.

Motexaron de separatistas a cantos non pensaban como eles e pretenden revivir o imperialismo que personificaron dinastías extranxeiras.

Dixeron que a súa prensa foi perseguida e levamos dous anos sin liberdade de prensa.

Dixeron que había fame e crearon verdadeira miseria.

Queixáronse de falla de liberdade e practican o despotismo.

Ergueron como bandeira a un xeneral traidor e chaman traidores aos homes de Catalunya.

Abusaron do mito de Casas Viejas —éles que eran os menos indicados!— e non tardaron en facelo infinitamente peor.

Cnámanse patriotas e andan a desfacer, moral e materialmente a súa patria.

Falaron d-un «bienio» e crearon outro «bienio».

E aínda non están satisfeitos. Aínda queren mais. Aínda, si poden, deslarán a Constitución para afogar toda crás de liberdade. Contra a liberdade individual. Contra a liberdade de pensamento. Contra a liberdade rexional. Contra a liberdade relixiosa.

A culpa non é toda d-éles. A culpa principal é dos encubridores, dos que lles facilitan a posibilidade de desfacer a República e colaboran no retroceso.

V.

Veremos si non sae o tiro pola culata.

Non val lle dar voltas. Canto hoxe politicamente se faga baixo o tíduo de dereitismo, inexorablemente caerá na confusión co dereitismo hespañol que hoxe priva. E de nada val cantas aclaracións queiranse facer. A xente xa sabe ben a qué aterse.

E co que representa hoxe o dereitismo político en Hespaña eu non quixera para ningún amigo que queira ben velo envolvemento en tal confusión inevitabel.

Porque a ningún bñ amigo se lle debe desexar semellante com.

Galicia frente a política centralizadora

A primeira constatación que se verifica sobor do fenómeno político de Galicia é isa de adeventir que tal fenómeno tén un orixe nidio na táctica absurda e incomprendible do sistema centralizador. Así é como ollamos xurdir agora neste remanso seco e ardente, a destrucción en xerme das ideas. Así é coma ollamos o desenraizamento da poboación do territorio, bulrándose as súas esperanzas de xusticia, facéndoas estrana aos seus peculiares intereses.

Galicia desfaiase no nihilismo, Galicia pérdese por unha falla de actuación propia i eficaz. O característico do seu vivir aitual e unha deserción totalizadora do eisotismo que contradiz o noso tono peculiar. E o morbo escumoso de lama e sangue que siñifica o Estado unitario célebrao pra poder seguir cabalgando encol do vacío. ¿Quén dúbida xa que ise Estado busca soio a defensa na forza material, e quere ollarse ceibe do peso das ideas, e quere voltarse de costas á luz, e facerse xordo ás voces das patrias e das línguas peninsulares; e non ollar nin sentir os problemas ambientes? A visión do vello Estado patrimonial tén a tónica da súa vida na unificación. Tivérona as monarquías independentes e centralizadas que se coagularon no século XV en toda a Europa ocidental: a de Francia con Carlos VII e Luis XI; a de Inglaterra cos Tudor; a de Portugal con Xoán II; a de Hespaña con Fernando e Isabel. E continúa a tendo o Estado que, a impulso dos dictados da Revolución Francesa, quere asentarse dende as Cortes de Cádiz nun réxime civil e nunha democracia orgánica fronte aos poderes arbitrarios e despóticos da realeza e das oligarquías. A tesis liberal e democrática que quixo ser impronta dunha nova Hespaña, mantívose aferrollada na antiga estreitadura unitaria, e o liberalismo e a democracia tiveron que perder o seu siño auténtico. O constitucionalismo de patrón francés rompeu a armoñía viva das nacións peninsulares nunha arbitraria división administrativa en provincias. E todol-os réximes que se sucederon despois, percorreron os mesmos vieiros. Velahí como a desatención constante aos problemas de cada país ibérico por parte do Estado central, provén principalmente da súa xenreira tradicional a que cada un os resolva de por sí. Ve-

lahí a xénese descompositiva dun Estado, onde os ideás da democracia e do federalismo en que se define o promorfo da nova Iberia, son pervertidos, desvalorados i esquecidos pol-os seus ductores. O resultado é que Galicia— unha nacionalidade peninsular— coma as outras terras de características diferenciales, perde o seu pulo nunha sañuda e cruel loita lexislativa que inicia contra éla o Poder Público, de costas ás ideas, á moralidade e á xusticia. I é necesario que os músculos de Galicia vibren e se desmanden. Porque a personalidade galega, aficada no espacio dunha rexión xeográfica natural e proieitada no tempo dunha continuidade histórica, óllase precisa a defender o seu espírito, manifestado na creación dunha língua, na realización dun arte, na encarnación dunha unidade cultural. Porque Galicia, atacada cotianamente na súa vitalidade económica e social, sintese necesariamente obrigada a reivindicar pra sí o xeito de realizar unha fonda transformación económica que dea base ao seu rexurdimento espiritual. Porque, como maneira de avivar nos galegos a concencia colectiva na idea de Patria, e contra as diversas castes de colonizadores que decote a aferrollan, cómprenos e débese nos o libre goberno dos nosos peculiares intereses. O recoñecimento da personalidade xurídica de Galicia. A súa autodeterminación política. De aquí o que soio nun réxime federativo, o novo Estado podería dar plena cabida ás nosas libertades.

E o degoiro de armoñizar na cultura universal o rexurdimento da cultura e a liberdade do noso pobo sería, así a primeira e derradeira finalidade do movemento nacional que teimamos pór en marcha.

O vello Estado hespañol está morrendo. A médula xenial das nacionalidades ibéricas volta a latexar. O seu espiñazo torna a erguerse. Cataluña, Basconia, Galicia volverán a celebras as súas bodas fecundas e poñeráse en pé o novo Estado co-a a súa lenda imperecedeira, acuña co-a frebe, co silencio e co a fé do pobo, a quen a coacción xurídica, forza específica do organismo social que dixo un ilustre xurista, fixolle vibrar pra que aquela se desfaga en convulsións.

FRANCISCO F. DEL RIEGO

paña anque sexa accidental e parcial.

Non é posibel andar facendo a cada momento distincións e dando conferencias individuais para que a xente sepa distinguir.

De momento—é lamentabel pero así—, non hai mais que un dereitismo político con todo o que tén detrais. O que así non o vexa, vive na lúa.

En Ifni foi descuberta unha planta e o descubridor—nun xesto de servilismo que pinta como anda Hespaña aitalmente de decoro— bautizouna co nome de «Lerrouxia Infiniense» en homaxe a Lerroux. A ésto non chegara Primo de Rivera.

O asunto non pasa de ser unha cousa episódica sin mais importancia que o feito en sí, que como síntoma non é pouco.

E a planta coimamos que tampou-



Aitividades do Partido

EN LALÍN

Constitución d-un bloque antifascista

Representación dos partidos políticos republicáns e obreiristas constituíron un Bloque antifascista, conservando cada organización a súa liberdade de acción no que atingue aos seus postulados particulares.

Os puntos de coincidencia de tal Bloque son os seguintes:

A). En defensa das liberdades democráticas e polo restablecemento de todas as garantías constitucionales.

B). Contra a pena de morte e porque non haxa unha soa execución mais.

C). Pola amnistía de todol-os presos políticos e sociaes.

D). Pola revisión dos fallos dos tribunales civiles e militares.

E). Pola admisión de todo-os respaliados a raíz do movemento de Outono.

F). Pola liberdade de reunión, manifestación e folgas e polo erguemento da clausura dos sindicatos e organizacións obreiras.

G). Pola liberdade de prensa obreira e republicán e contra a chamada Ley de Prensa.

H). Pola solución xusta e rápida da crise de traballo i-establecemento do subsidio de paro forzoso.

I). Pola reposición dos Concellos que libremente elixiu o pobo

J). Pola autodeterminación das nacionalidades oprimidas.

K). Contra toda reacción de tipo fascista e dictatorial.

L). Contra a guerra.
No orde local.

A). Aprobación do Estatuto galego tan amplo como sexa posibel.

B). Pola rebaixa de 50% nas contribucións do Estado.

C). Pola anulación do tributo de cédulas.

D). Pola rebaixa do imposto de consumos e porque esta sexa repartida polas comisións parroquiaes como establece a ley vixente.

E). Pola entrega inmediata das terras de señorío aos campesiños probes e medios.

F). Contra toda crás de rentas e foros.

Foi eleixida a directiva provisional sendo nomeado segredario o do noso grupo de Lalín, irmán Fernando Goyanes.

Por toda a comarca están sendo repartidos dous manifestos contra a política caciquil que realizan as forzas gubernamentais e contra os Tratados do Uruguay e Arxentina.

Consello do Partido

Os grupos pertencentes a zona de Lugo desñáron Conselleiros aos irmáns Xosé R. Fernández, propietario e Antonino Paz Fernández, suplente.

Fallan somentes por facer a súa desñación os grupos das zonas de Vigo e Viveiro que compre non demoren mais tempo o facelas.

SI QUEREDES
XANTAR BEN
IDE A

CASA PEPE
Dr. Cadaval, 13 VIGO

**IMPERMEABILIZANTES
VATERSTOP**

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE
NAS CONSTRUCCIONS

Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento de construcións e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALIZA

Pida detalles e foletos:

PRODUCTOS WATERSTOP
Axencia xeral pra Galiza:
Porta da Pena, 6. - SANTIAGO

RIANXO

Os grupos do Concello de Rianxo acordaron celebrar a súa Asambrea anual o día 30 do mes presente, no local do Grupo de Araño.

Pol-a trascendencia d-esta Asambrea na cal haberá a semellanza da Xeral do Partido o seu debate político, hai non somentes a expectación conseguinte polos acordos que tome, senón un intrés manifesto en asistir ao curso dos seus debates e defensas das propostas. Sairá d-ela pol-o tanto, mais perfilada a táctica política que debe seguirse n-esta comarca onde o Galeguismo e os homes do Galeguismo prenderon na concencia das xentes porque viron no seu programa beneficios de feito, e laboriosidade, honradez e xenerosidade nos seus representantes.

O seu programa local ficará mais rematado e presto a poder ser realizado dendos orgaismos oficiaes tan logo como unhas novas eleucións poñan na man do Partido a este Concello, porque o Partido local pol-a súa experiencia, sabe dos puntos posibres de realización e coñece en parte as necesidades e as posibilidades de solución, incruso atacando cousas que aparentemente coidaríase realizabres somentes por orgaismos superiores.

A dita Asambrea prometeu assistire o noso irmán Suárez Picallo, loitador sempiterno, que virá a por en mais onto grado o intrés e entusiasmos que xa temos.

Grupo de Lugo

Con asistencia de grande número de irmáns, o grupo de Lugo celebrou xunta xeral na que elixiu o seguinte Consello directivo:

Presidente: Xosé R. Fernández.
Segredario: Servando Gómez Aller.
Tesoureiro: Antonino Paz.
Contador: Emilio Xil.

A nova directiva tenciona realizar perante o vrán unha gran campaña de propaganda pol-a provincia, d-acordo cos demais grupos, de espallamento das ideas galeguistas.

Para o Día de Galicia

Cercana xá a data do 25 de Xulio, compre que os grupos vaian pensando nos aitos que, como todol-os anos, haberán de facer.

Aparte dos de caraiter xeral que o Comité terá de orgaizar e que oportunamente serán comunicados, intresa que os grupos comencen a pensar e preparar os que compre facer en toda Galicia.

Este ano, precisamente, convén que os grupos rivalicen na celebración de aitos para que a celebración da data nacional galega acade resonancia grande.

Acordos da IV Asambrea

Pola Oficina do Partido estânse dando cumprimento, na medida posibel, aos acordos tomados na IV Asambrea do Partido. Algúns d-éles téñense cumprimentado exaitamente.

O Grupo de Ourense propuxo se lle pregue ao Seminario de Estudos Galegos vexa a maneira de facer unha edición económica d-un Dicionario Galego-Castelán.

N-ese senso a Oficina do Partido dirixiuse ao Seminario. O mesmo grupo presentou outra proposta consistente en que se nomee unha persoa do Partido que faga un estudo completo do problema do viño. A Oficina téñ rogado ao Grupo de Ourense indique a persoa que ao seu xuício pode encarregar de realizar o estudo proposto e necesario.

Tamén o Grupo ourensán téñ proposto que os grupos nomeen en cada localidade unha comisión que estude os problemas locais e provinciales. A este respecto o grupo de Ourense vai desñar a súa comisión local que comenará axiña os seus traballos. A Oficina encarece aos demais grupos o exemplo do grupo de Ourense indicándolles a necesidade de facer o mesmo.


Encol dos selos de cotización e propaganda, no derradeiro Consello encargouse ao irmán Casal o estudo e presuposto dunha grande tiraxe.

O grupo de Vigo presentou unha proposta referente a unha cotización especial dos grupos por medio d-un sistema de rotación. Encol d-este punto oportunamente a Oficina dará instrucións.

CAFÉ GALICIA
Cantón Grande
A Cruña

Os Galeguistas pararan en Sant-Iago no

"Hotel Europa"
DE RAMON MORANDEIRA



Boletín de difusión de A NOSA TERRA

Reproducimos novamente o Boletín de Difusión de A NOSA TERRA idea do irmán Beiras que denantes da suspensión do semanario acadara un grande éxito para a súa extensión.

Ao facelo, novamente agardamos que tamén agora acade o mesmo éxito que ademáis de ser unha axuda económica siñifica un doado xeito de estender as ideas galeguistas.

Boletín pra difusión de A NOSA TERRA

D. remite por xiro postal (ou en selos de correo) (1) a cantidade de pesetas, importe da subscripción a favor das persoas cujos nomes e direccións van ao pé, é as que o Semanario será remitido directamente pol-a Administración.

D. Dirección.
D. Id.
D. Id.

(1) Táchese o medio de remesa que se non utilice.

O Moimento a Manuel Antonio Para os Escolantes galegos

A Comisión encargada de levar a cabo o proieto de erguer un moimento a Manuel Antonio na Illa Malveira, comunicanos que despois de tres meses que fai que presentou a solicitude na oficina de Obras Públicas de Pontevedra téñenlla devolto agora decíndolle que téñ que solicitar a concesión a Madri e que dita concesión tardará ainda varios meses en ser resolta.

Unha vegada mais o papeleto interminabel da burocracia hespañola impide que se poida realizar coa dilixencia que compre un aito de tan fonda siñificación espiritual como o proieto en homaxe a ún dos nosos mais outos poetas.

A Comisión considérase no deber de facer pública esta dificultade momentánea para coñecemento dos donantes ao mesmo tempo que fai presente que non desiste de que chegue a ser unha realidade o moimento.

IRMANS: Cando queirades ter unha festa propia d'a Terra, non deixés de chamar os Gaiteiros

"OS DEZAS"

de Lalín-Moneixas (Pontevedra)
CANTO PROPIO.

PAREXAS DE BAILE.

CADRO DE DECLAMACION

Prelo de LA POPULAR.—Charino, 7 Pontevedra

Témolo dito moitas veces e teremos de seguir decindo namentras non cheguemos a alcontrar eco na concenza dos nosos irmáns.

E preciso que nos preocupemos de galeguizar o ensino. Xa sei de que se me respostará, con intención de argumentarme d-un xeito inapelabel que as circunstancias non permiten unha laboura franca n-ise senso. Tereille de dar a razón a quen tal diga. Pero eu hei de opoñer tamén os meus argumentos que me parecen de abondo suficientes para que cheguen a convencerse aqueles que meditaran encol do problema con verdadeiras arelas de resolvelo cumplidamente.

Nós, de certo, non podemos practicar nas nosas Escolas un sistema de galeguización do ensino, total e ausoluto, pola sinxela razón de que, eso nos sería prohibido pol-o Estado centralista. Pero nós, sin que nol-o poida impedir ninguén, e denantes, pol-o contrario, seguindo co-elo as indicacións que a l' lagoxía nos fai, debemos darlle ao neno o coñecemento da súa terra, escomezando pol-o estudo da propia localidade, con todos seus accidentes xeográficos, modalidades económico-sociaes, arte (folklore, arqueoloxía, etc.) idioma (modismos locais, etc.)

Toda esa finalidade de informazón tan intresante para que logo dempois encol d-ela poidamos nós fundamentar o traballo todo dos rapaces na Escola é algo urxente que téñ que levar a cabo e que contribuirá, completando con unha seria e documentada tarefa de estadísticas (cadros demográficos de produción, de consumo, etc.) a que os nenos de Galicia se inicien, d-un xeito puramente heurístico, na investigación dos nosos problemas e poidan logo de homes, incorporados xa a vida ampliamente cidadán do Estado, acometer a empresa de siñual-os políticamente, enfocandoos n-un senso viabilizador, e recreamdo dos poderes constituídos a fórmula adecuada a súa resoluzón.

Pero hai tamén outro aspecto do traballo escolar no que podemos faguer eficaz laboura galeguizadora. Temos de referirnos ao ensino da lingoaxe. Indudabelmente que nós, os Escolantes, estamos obrigados pola nosa condición de empregados do Estado, hespañol a insiar nas Escolas o idioma castelán. Pero é incuestionabel que, para elo, teremos sempre que empregar como medio indispensable, a lingo materna. Os exercizos de tradución d-un idioma a-o outro, poden ser utilizados pol-os Escolantes galegos, que téñen un patriótico alcance do seu deber, para realizar d-unha maneira normal e legalista, a aspirazón que nós defendemos, do bilingüismo. Compre que meditemos.

FALCOIRA,

TRINTA ANOS

Ben ollado, non son moitos. E natural que haxa unha certa equidade entre os xeitos de vulgar de todos os tribunais da República. E por moi benévolo que sexamos cos ex-conselleiros da Generalitat, temos de recoñecer que pol-o viero da delincuencia adiantaron, pol-o menos, dobre camiño que Porto Leis. E se iste foi aflixido con unha pena de quince anos de reclusión ¿qué menos que trinta anos de perda da liberdade pra Companys e os seus compañeiros? Craro que desexamos que a proporcionalidade vaia máis alá. O Tribunal Supremo tivo que tramitar un expediente de indulto relativo ao ex-alcalde de Serantes, e a Sala Sesta de aquel outo orzaximo, procedente sen dúbida por motivos de debilidade sentimental,—que se lle vai facer: aqueles severos maxistrados teñen, malia todo, un sensible e humanitario corazón—propuxo que os quince anos ficaran reducidos a seis. A seis meses. En fin, a cousa ficou n-un ano. Bó baixón. Mais, ¿estamos autorizados pra agardar un suceso análogo con referencia a os delinquentes cataláns? E máis difícil, porque se o Tribunal Supremo pode anular virtualmente a sentenza de un xinxelo Consello de Guerra, o Tribunal de Garantías Constitucionas é unha cousa moito máis seria, malia a presenza do señor Pradera entre os seus compoñentes. Cicáis se non estrema o Tribunal Supremo—inda cabería discutir, por moer, se está dentro das súas facultades—a indultar aos rebeldes de alén Ebro, en col de todo despois de ter deixado fuxir a Azaña das súas mans sen lle arrincar unha perna, cando menos. Serían demasiadas complacencias coa anti-Hespaña. Ademais que, craro está, inda que se indultou da pena de morte a outro rebelde—non tan mal intencionado, dende logo, como estes esquerristas—en 1932, a historia e a calidade das persoas que mandaban de aquela eran moi distintas. Un goberno feble que soía gobernar coa Constitución. Agora temos un goberno forte que tamén goberna con algúns artigos da Constitución, especialmente os que autorizan a suspensión das garantías establecidas na parte dogmática de nosa lei fundamental.

Non hai paridade de caso. Dende logo, a sublevación de agosto en Sevilla non era monárquica. La contra o estatuto de Cataluña. Ao sumo, era unha revolución de tendencia unitaria. O xeneral Sanxurxo non quería facer outra cousa que o que fixo en 1874 o xeneral Pavia. En troques, o catalán Companys propúñase nada menos que o que se propuña, en 1873, o catalán Lostau: constituir o estado catalán da República federal hespañola. Evidentemente, isto é moito máis grave que aquilo. Porque se despois do de Pavia, veu a Restauración, xa se sabe que iso non foi culpa de Pavia, sen de Martínez Campos.

Non embargantes, eu coído que os homas da situación non partidarios de indultar aos da Esquerra e Unión Socialista; pero, modestamente, deixan isa misión á historia. Mais o prazo é tan longo que realmente os republicáns e autonomistas hespañoles estamos dispostos a abrevialo, encomendando o exercicio da gracia, non á historia, senón a República, que agardamos que en breve teña un goberno propio. E por peccadanta mágoa de ises insurreitos cataláns. desexaríamos que tal goberno non tardara en advir máis tempo do que mediou entre o indulto e a amnistia pra o xeneral Sanxurxo. I eso, repetimos, que o de Sanxurxo non pode compararse co de Companys. Non.

R. CARBALLO CALERO.

Meu soño

I
Esta noite soñei. ¡Qué distoso fún n-iste soño!... Soñei que estaba durmindo, como un gran poeta, nunha cama de palla. Aos meus pés está durmindo tamén o cán, meu sinceiro e fiel amigo. Na cabeceira, as miñas grandes mans, acariciaban os tenros muslos d-un infante, e éste surriente faciame as festas d-un verdadeiro mimosíño. Ao lado dereito unha muller d-uns catro lustros d-edade, envolta nunha túnica de pano sinxel. ¡Bela rapaza! Pol-os seus hombreiros caía—suave e doce como o mel— unha admirabel cabeleira dourada; ollábanse de ves en cando cos seus grandes ollos sentimentaes e mouros; pol-os seus beizos feitiños saían verbas baixiñas, e a través d-a túnica mirábanse os seus muslos, com-a a caridade d-a lua na noite prena d-outono; fortes faiciós, pero dondas e perfeioadas formas compretaban o corpo d-ista escultural rapaza galega...
Sigue falando baixiño, cecais con

medo a estorbar o meu apouso, pero compréndeselle perfectamente que fala galego.

Eu quedei estaxiado a través d-o meu soño, oindo aquel-as verbas falando d-amor.

II
Calou a nosa moza i-eu niste pronto con gran door, abrin os ollos, cren-do se fora, e mireina silenzosa pensativa, como unha estática silueta a través d-o hourizonte. Niste intre tiña fixos, no lado d-a esquerda, as suas olladas, e puden contemplar tamén ali sentada unha persoa, con duas formidables alas folgando, como dous enfeites inmovidos, pol-o seu lombo a baixo. O maxistral redor era inmello-rabel.

Agora aqueles ollos d-a miña de-reita eran feos; aqueles beizos xa non eran os beizos feitiños que eu vira pir-meiramente; aquela cabeleira que antes me parecía d-ouro, agora parecíame enfurruxada; as dondas carnes e formas perfeioadas que ollora ao sesgo d-a túnica, agora, diante d-estas outras espidas, parecíame bravas, non merecendo a curiosidá, d-os

meus olleirados ollos. Craro; vou facer lembranza, unha ves mais da miña induvidosa sinceiridade que levo a total-as partes comigo, i-entón direi: A pirmeiru muller era eso... unha muller; a segunda era eso... un anxo.

O adxo falaba tamén baixiño, e an-que non comprendía a sua lingoa de iogo, puden, con grande ledicia, ou- vir estas verbas cheias de soidade galega: Virei; non pode esquerme d-a mimosidade d-a vosa fala.

Non ouvin mais porque lixeira com-un raio, fuxeu, com-as meigas, pol-a fechadura d-a porta.

N-aquel ponto a muller d-a miña di-reita, cicais única, que me pertenes-cia, tamén marchouse có infante nos seus brazos de nai, e pol-os seus beizos feitiños saían verbas d-arrepentim-ento para ela mesma.

III

O anxo díxolle: Durme e durmirá, porque a tua duvidosa conducta xa non pode despertalo.

Pol-o visto pra aquelas almas de Deus, eu durmia con toda tranquilid-ade.

¡Pobre rapaza, como ela se marchou! Os seus ollos ferían a terra; as suas pernas tremaban como duas varas verdes, o seu curazón desfaciase trocándose en bagoas, os seus pasos eran medrosos, a súa color asemellá-base a-os d-o eterno acongo.

Y eu pol-o visto durmindo, durmin-do com-unha pedra d-esas ben duras. ¡Qué dooroso é soñar!...

M. PARDINEIRO S.

Paradela, maio d-o 1935.

Este número foi visado pol-a Censura gubernativa.

Gran Fábrica de Cervezas

A BARXA

TIPOS:

DOURADA
MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DE MIS E LABOU-
RAR POL-O ENGRANDECIMENTO
D'A NOSA TERRA.

De colleita allea

Da seición parlamentaria de «El Sol», «Desde la Tribuna» que firma F. M. traducimos o seguinte retrato:

«Galicia, terra sentimental e pranteira, tén unha representación par-lamentaria en desacordo coa gaita e a poesía de Rosalía de Castro. O seño Rodríguez de Viguri, como sempre, está moi encabuxado. Témesse pola saude d-este home, que un día terá aquí mesmo un ataque de apoplexia. Encabúxase cos seus compañeiros de minoría. A outra tarde tivo casi unha custión persoal co señor Vela-yos. Hoxe amóstrase moi encabuxado co señor Salmón.

O señor Rodríguez de Viguri di que a Galicia non chega un céntimo. O señor Salmón (esquecéndose de que perante a campaña eleitoral de 1933 servíronse dos datos das estadísticas oficiais para dicir que aqueles gober-nos tiñan aumentado o paro obreiro) fai a pelengrina afirmación de que as estadísticas son «desprezables» e que os datos na súa maior parte son falsos ou incertos, e que vai a perseguir aos falsificadores d-estas estadísticas que enchen de pavor aos espíritos timoratos. Lee as cantidades que se teñen enviado a Galicia.

Entón, o señor Iglesias (D. Emilia-no), espírito romántico, como todo o mundo sabe, ponse en pé i-exclama, con un acento matizado de saudade e poesía:

¡Pesetas! ¡Pesetas! ¡E os demais soe centos!

Estes sentimentaes sempre ofrecen a nota melancólica en todol-os temas mais realísticos e vulgares».

Encol da importación do millo, «La Libertad», entre outras cousas, di o seguinte:

«No do millo hai outra pormenor de que non se fala e que convén sexa esclarecido o mais nidamente posibel. Ninguén iñora que a importación constitue un saneado negocio, xa que

aquela, tan famosa, con que se agasallou a un grupo de señores valen-ciáns, por mediación do Banco de Crédito Exterior, produxo aos importadores un beneficio líquido de 17 mil-lóns de pesetas. E tratábase de setenta e cinco mil toneladas en troques das cen mil cuia importación autoriza-se.

¿Como se vai conceder os permisos de importación d-este gran? ¿Na mesma forma estrana que se regalou a tres señores de Barcelona e monopoli-o para importar carbón vexetal extranxeiro? E de supoñer que non sexa así e que non se volte aos escándalos dos permisos de importación que teñan dado ao segundo bienio un sabor-ciño moi especial».



Vda. de Pío S. Carrasco

(CASA FUNDADA NO 1894)

Axente Comercial de Aduanas Colexiado
FLETAMENTOS,

CONSIGNACIÓN,
TRÁNSITOS.

VILAGARCIA

TELEGRAMAS: CARRASCO

APARTAMENTO NÚM. 3

VALENTIN PAZ-ANDRADE
Abogado
Vigo

MANOEL GÓMEZ ROMÁN
Arquiteito
Vigo

ANTÓN PINTOS MIGUEZ
Consulta de 12 a 1 e de 4 a 6
Baión

XERARDO ALVAREZ GALLEGO
Abogado e Procurador
Vigo

COLEXIO LEON XIII
VILAGARCIA

DR. AMANCIO CAAMAÑO
Sanatorio Quirúrgico
Pontevedra

R. GONZALEZ PASTORIZA
Abogado
Vigo

FRANCISCO Barreiro Salas
Perito Agrícola
Santiago

Ideas que defende e fins que se propón o Partido Galeguista

(FOLLETO DE DIVULGACION ORIXINAL DE VICENTE RISCO)

PRA QUE SE PUBLICA ISTE LIBRIÑO

Será raro que non teñades ouvido falar do Partido Galeguista, porque n-istes tempos fálese moito d'il. Claro que uns falan ben e outros mal, porque non pode dar gusto á todos, e n-iste mundo todos temos amigos e enemigos.

Pero os homes de razón o que deben facer é non dar tino do que diga a xente e enteirárense iles por si mesmos, e despois formar xuicio. Pra enteirarse ben de si os galeguistas son bós ou ruíns, hai que saber o que pensan e o que queren. Despois é cando se pode xuzgar.

Pra que todos poidan sabelo ben, escribimos iste libriño. Eiqui vai dito ben claro o que é o Partido Galeguista. Lédeo de vagar, e despois poderedes falar d'il con coñecimento.

O AMOR A GALICIA E AS SUAS COUSAS

Os galeguistas, que outros chaman nazionalistas galegos, irmáns ou amigos da fala, que todo ven a ser un, forman un partido político que se chama Partido Galeguista. Pero non é un partido como outro calquera, senón unha xuntanza ou asociación de homes, e tamén mulleres, que queren, antes de nada, a nosa Terra e que defenden en primeiro lugar aos galegos.

Os galeguistas din que son primeiro galegos, porque a súa única patria é Galicia, e despois do mundo.

O Partido Galeguista defendendo a Galicia defende os intereses comúns de todos os galegos. Por eso, pra os galeguistas, tanto son os probes como os ricos, os artesanos e os peisanos ou labregos como os señoritos, os obreiros como os patronos, os da dereita como os da esquerda. En sendo galegos, todos somos irmáns, porque todos somos fillos da nosa única e mesma patria común, que é Galicia.

Por eso, todos os galegos nos debemos querer como irmáns verdadeiros, e deixar as nosas diferencias, pra estarmos xuntos como un só home na defensa das nosas cousas, dos nosos intereses comúns, da nosa riqueza, da nosa vida, da nosa liberdade. Os galeguistas din que todos os males de Galicia veñen de estarmos os galegos divididos e andar cada un polo seu lado, sin decatarnos de que d-esta desunión se aproveitan en Madrid pra perxudicarnos.

Tamén nos veñen moitos d-istes males de que moitos galegos non saben estimar o noso e prefiren o alleo. Non estiman a nosa Terra, a nosa fala, os nosos cantares, os bailes, as nosas usanzas antigas... E fan mal, porque os pobos que estiman as suas cousas, e falan a sua fala, como fan os cataláns e os vascos, e outros moitos fora de España, ises van pra riba, namentras que nós, que non as estimamos, imos cada vez máis pra baixo.

Por eso, os galeguistas queren que todos os galegos amen fondamente á Galicia e estimen moito as nosas cousas e falen a nosa fala. Temos que amar á Galicia, porque é a nosa única patria, e todos debemos amar á nosa patria como amamos as nosas nais.

Pra nós, os galegos, o primeiro ten que ser Galicia, porque defendendo á Galicia defendémonos á nós mesmos, ou sea, defendemos o Pobo galego, que somos todos nós.

III
A NOSA FALA

Os galeguistas falan sempre en galego. E non o fan porque non seipan o castellano. Todos os galeguistas saben falar moi ben o castelán, e hai moitos que tamén saben o francés, o inglés, o alemán, o italiano e outros idiomas.

Falan en galego, porque o galego é a nosa lingoa e non se avergonzan d'ela, senón que a falan con moita honra e orgulo.

Hai algúns galegos desgraciados que se avergonzan de falar en galego, porque pensan que é feo, ou que é idioma de peisanos e de xente humilde, ou que semella ordinario. Istes galegos son os que queren aparentar de señoritos, os estudantes, e toda a xente culta de Galicia, teñen orgulo de falar o noso idioma.

Ademais, os galeguistas, e todos os que estudaron algo, sa-

ben que o galego é unha das linguas máis fermosas que se falan no mundo, e saben tamén que, dende o século XII ao XIV, falaban e escribían en galego os reis e as persoas principais, e que o galego foi a primeira lingua poética, na que se escribiron os cancioeiros que son admiración de todos os homes cultos, e que en galego escribiron Pastor Díaz, Rosalía, Curros, Pondal e todos os nosos grandes poetas do século pasado, como agora escriben tamén en galego todol-os poetas novos e todol-os homes de valer.

Pero aínda que o noso idioma fose cousa nada máis que de peisanos e xentes humildes, os galeguistas falarían igual e terían orgulo d'il, porque abonda con que sexa noso, e ademais é o signo que nos diferencia dos demais pobos.

E non soio se debe falar en galego, senón que se debe tamén escribir en galego. Os galeguistas din que se deben escribir en galego os periódicos, os letreiros das tendas, os nomes das calles, e tamén os documentos públicos de todas clases.

En fin, os galeguistas queren que en Galicia o idioma galego valla tanto como o castelán e sirva pra as mesmas cousas, e se lle teña tanta consideración como ao castelán, e que nas escolas se adeprenda tamén a lér e á escribir en galego, porque o galego é a nosa lingua, e os maestros, os xueces, os notarios, os rexistradores, e todos os empregados do Estado deben sabelo, pra entender ás nosas xentes, que son as que lle pagan.

Así non habería que pasar pol-a vergonza de que calquera d-istes empleadiños que viven á nosa conta poida insultarnos, na nosa mesma Terra, cando lle falamos en galego, que é a nosa lingua, decidndonos que falemos «en cristiano».

Claro que iso fano, porque nós temos a pouca vergonza de consentilo, como se consentisemos que na nosa mesma casa insultasen á nosa familia e ás nosas cousas, e, ademais, porque os tales son uns ignorantes que nin xiquera saben que en galego se escriben libros que son moi estimados pol-os sabios do extranxeiro e tamén pol-os de Castela, que non os deixan de lér porque vaian en galego, senón os homes que estudian lenos e comprendenos ben. E aínda hai extranxeiros que estudan a lingua galega, como sucede nas Universidades de Alemania, que é un dos pobos máis cultos.

(A seguir.)

Redacción - Administración:
 Rúa de Tetuán, 2-1.º - Pontevedra

SUSCRIPCIÓN: 3 pesetas semestres. Pago adelantado.

Número solto: 10 cts.

Declaración de principios do P. G.

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade cooperativa.
- IV. Galicia, célula de universalidade.

GROVE

A laboura d-un home nefario

Os montes da Toxa, pasan ao Estado

Están xuntándose os temas pra ir desenrolando n-esta sección, de tal xeito e a cada cual máis importante, que me vexo perplexo para ir dándolles saída ordeadamente.

Pero como demos coa Toxa, i-en cuíos asuntos, o chamado Alcalde tenciona atopar o escabel do seu desfeito creto, e imaxínase, por tal motivo, reivindicar seu prestixio nunca logrado, aparecendo (ao decir d-él) como defensor dos intereses do pobo; seguiremos co tema que, a fé, non ten ningún carreiro de desperdicio.

Xa chegou o intre de arrincar a mascarilla con que pretendían cubrir as súas bastardas intencións.

Xa chegou o intre de que todo o Grove seipa ¡TODA A VERDADE! que hai encol dos tan famosos, tan traídos e levados montes da Toxa.

Teño diante unha resolución da Dirección Xeral de Montes, do Ministerio de Agricultura, na cual despois de varios «resultandos» e «considerandos», que a xustifican, ordéase:

1.º «Que por la Jefatura del Distrito forestal de Pontevedra-Coruña, se evite por todos los medios que estén a su alcance toda clase de distrutes dentro del perímetro de la Isla de La Toja».

2.º Que tan pronto sea ultimado el expediente de reivindicación que por el Ministerio de Hacienda se tramita, se proceda a la clasificación de la parte de monte que al Estado corresponde, para que pueda procederse a su inclusión en el catálogo o a su enajenación».

Éso quere decir sinxelamente, concretamente, sin rodeo algún, que os veciños do Grove non teñen dereito aos montes; non teñen dereito a coller n-eles nin carpazus, nin siquiera un paulo.

A esta situación, de vernos despoixados dos nosos intereses, trúxonos a política absurda, a política de desgoverno, e os odios personales do Alcalde gubernativo que temos a desgracia de aturar. Pol-a súa maldade, pol-a súa mala fé, o Estado apodérase d-eses montes que en si eran unha riqueza, ou constituían a base do noso benestar económico, e do noso progreso.

Todos sabemos a campaña que ese titulado Alcalde ten feito a redor d-este asunto; todos sabemos que somentes os montes lle interesaban como banderín de enganche pra súa política, hoxe emilianista; todos vos decatades das enormidades que ten propalado, as calumnias que ten dito, as infamias e as canaladas que ten espallado a conta dos «montes da Toxa». Pois ben; o que se falou, o que se dixo por ese home era unha pura falacia, era un modo cobarde de enganar ao pobo pra embarcalo na súa nao co cargamento podre das súas ruíns intencións, e das súas ideas despóticas e tiránicas. Afortunadamente o pobo deuse conta e non quixo seguilo; mais a traición está consumada entregando ao Estado o que nos pertencía.

Ese home é, pol-o tanto, funesto pra o pobo. Ese home pretende arruinar ao pobo. O título que se abroga de defensor dos intereses do pobo é un mito por él propalado; e un engaño máis; e sinón ides a velo.

Hemos de repetir que por todolos conceptos ese presunto Alcalde é funesto pra este ayuntamiento. No asunto dos montes da Toxa estivo xogando cos nosos intereses hasta que os perdeu.

Pol-a súa xenreira co Xerente da Toxa, pol-a súa actuación chulesca, anárquica, violenta; pol-a súa nefanda política, os montes que nos pertencían quedamos sin eles. E non é que o diga eu; Ahí o tendes claramente demostrado na resolución do Ministerio de Agricultura; que poño a disposición dos incredulos.

Eu non acostumbro a facer afirmacións sin probalas. Eu non me fundamento en «disques» de ningunha cras. Non argumento sobre hipóteses, nin con sofismas; traigo eiqui feitos reas, razóns incontrovertibles, probas indu-

bitablese con elas expoño ideas, construo a verdade e desenmascaro a ese home que furtivamente quer pasare como un redentor, sendo un Xudas; como un modelo de administrador, sendo un despilfarrador; como un dechado de tecnicismo, sendo un incompetente, un ignorante.

Si pol-o contrario fose un home e representase unha política, que se puxese as súas xenreiras, e odios, e rencores personales (porque a un Municipio non se vai a satisfacer caprichos), ao interés sagrado do pobo, non iría o Ayuntamiento camiño da bancarrota como vai, nin quedaríamos sin eses montes como quedamos.

Nos montes da Toxa tiñamos postas as ansias do noso progreso; constituían o erguemento da nosa economía, porque con unha política noble, (non rastreira) e sensata, que cumpría facer (e que fan os homes que abrigan no seu peito esas virtudes); con xestións axeitadas, e coa cordialidade que debe habere entre gobernantes e gobernados, chegaríase a un compromiso acordo sin rozar os intereses de ningún e con compreta comenencia pra as partes contratantes, teríamos, digo, resolto ese antergo problema a gusto e satisfacción da S. A. da Toxa, do Estado e do Municipio. Porque, con elo, poderíamos ver realizada a construción dun Grupo escolar, da traida de augas, da praza de Abastos, e outras mellores de imperiosa necesidade, sin que vós pagárades nin un soio céntimo!

¡E, agora qué? ¡Pois agora por culpa única i-exclusiva d-ese personaxe e d-esa política de violencia, d-esa política persoalista e ventaxista que desenrola dende ese posto gubernativo, amparado por escribas e fariseos; política de marcada maldade e de demostrada incapacidade pra gobernar un pobo quedamos sin montes e sin melloras de ningunha cras! Ou dito de outra maneira: «Sin plumas, cacareando como el gallo de Morón». E mentras tanto: «paga, Juan pueblo, que xá virá a «raziada» emilianista a despilfarrar.

¡Alerta, veciños! Enriba de todo éso, aínda non da por rematada a súa tarefa funesta, e quere meter o Ayuntamiento nun pleito co Estado que significa a nosa rápida e total ruína. E, aínda seguindo cos seus engaños e falsedades quer facer ver que os montes son nosos, ordeando a vixilancia na Toxa pol-a guardia municipal—Isto quer decir, somentes que trata de arruinar e de enganar ao pobo—Mais éstos doces aspectos e algúns outros d-esta palpitante cuestión, serán ouxento de sucesivas crónicas.

Velahí unha mostra da desastrosa laboura dun home nefario.

XACOCO BARRAL OTERO.

Grove 18-6-35.

O 6 d-outono

Foron tan confusos os feitos revolucionarios do 6 de Outono en Barcelona que de por forza ha de intresar un libro como este de Aymamí (1) no que de un xeito tan obxectivo se trata aquí feito histórico.

Para emplazar ben a revolución catalana, fai denantes un pequeno desenhado do movemento catalanista que deu comenzo nos derradeiros do século XIX e foi medrando cada vez mais forte ata desembocar no trunfo da proclamación da República do 14 de Abril.

O que principiou sendo un sentimento romántico de expresión literaria íase enchendo pouco a pouco de contido político que deu lugar a formación de diversos partidos mais ou menos afíns.

De estes partidos correspondeulle a Esquerria a gloria de abranguer para a súa patria o Estatuto de Autonomía.



Ti serás home de orden.
 Deica agora, si señor. Pero si as cousas siguen así, xá non respondo. A fame dá malos consellos.



A prensa dereitista, con esa saña que adoita poñer na falsedade e descarro con que minte, fartouse de decir que os Conselleiros da Xeneralitat cometeron inmoralidades e que incurso dispuxeran dos fondos do Goberno catalán para o movemento republicán do 6 de Outono.

Mais agora o mesmo Pich i Pons dixo nun aito público que todo aquilo é mentira e que os homes da Xeneralitat realizaron unha obra ademestrativa francamente insuperabel e ategada de honradez e moralidade.

Mais ésto non o din agora os xornaes de dereitas que tan ben saben utilizar aquilo de «calumnias que algo queda».

Sigue a racha dos homaxes políticos. Agora alcanza xá aos radicais de menor cuantía.

En Pontevedra vanlle facer ún a outro radical sinificado. Polo que sexa que non será nunca polo seu republicanismo. A euforia dá para todo.

Partámonos de leer na prensa republicán a serie de negocios que andan agora a facerse que deixan

cativa a peor época monárquica. E o enchufismo—; verba inventada polos que agora o realizan coa mais espantosa das inmoralidades desenfadadas que acadou xá unha categoría francamente nacional.

Esta é, co fracaso na xestión gubernamental e de prostitución do réxime, a obra que as dereitas e os seus aliados históricos andan a facer n-este bienio noxente e único na historia da política hespañola.

Os nomes siniestros de Mola e Martínez Anido voltan a soar. Un e outro reingresan no exército que dirixe hoxe o gran caudillo e xeneralísimo Gil Robles.

¿Pode haber verbas que definan exaitamente ésta situación?

Gil Robles vai ir escoltado por non sabemos cantos avións cando vaia a tomar parte nos aitos de Medina e Mestalla.

¿Que tal? Que nos veña agora con historias Hitler, Mussolini ou calqueira d-eses presumidos homes de Estado que andan por Europa adiante.

Non temos nada que envexarlles.

Pero as dereitas hespañolas habían de faguer canto poidesen para botar abaixo a conquista.

N-esta loita contra da Generalitat distinguíuse un pseudo autonomista. O Sr. Samper, si ben ten na súa disculpa o que tamén o axudou o señor Cambó.

As notas cruzadas entre a Generalitat e o Goberno central foron creando un fermento revolucionario que mais tarde había de imponse e rebasar as mesmas autoridades catalanas. Companys atopouse co dilema: ou sublevarse contra do rumbo feixistizante que tomaba a República ou resig-

narse a ser desbotado violentamente do seu cárrago pol-o pobo de Cataluña. E sublevándose someteuse a vountade do pobo.

Mais ¿perseguían todolos políticos catalás o mesmo fin? De ningún xeito. Dencás perseguía a implantación de un Estado feixista mandado por él; Companys quería facer somentes unha revolución política de tendencia esquerrista, humana, liberal e democrática; pola súa parte os obreiros querían facer a súa revolución social.

Con esta falla de unidade de acción chegou o 6 de Outono. Dencás, despois de intentar o asoballamento de

Bóveda a Madrí

O noso querido irmán Alexandro Bóveda, que como é sabido foi destinado a Cadiz sin motivo que o xustificase e somentes por unha vinga política, acaba de ser destinado a Madrí.

A noticia ten nos producido fonda satisfacción polo que representa para o irmán Bóveda no orde persoal e tamén pola diferenca en todolos ordens que hai entre estar en Cádiz ou Madrí.

O lóxico sería que Bóveda regresara ao seu posto en Pontevedra e dende logo éste sería aínda motivo de maior ledicia, por todolos sensos, mais de momento o traslado a Madrí representa para o querido irmán ademais de unha ventaxa tamén certa satisfacción da superioridade a prol da inxustificada causa do seu traslado de Pontevedra.

Con este motivo enviamos ao entrañabel irmán unha aberta forte portadora do cariño que os galeguistas gardamos ao noso Segradario de Organización ao que aínda non perdimos as esperanzas de ollar a carón de nós. Logo e para sempre.

Alianza Obrera, traicionou o movemento e fuxiu cobardemente e sin dinidade; Companys, resistiu e foi vencido pol-as tropas do Goberno. O Centro de Dependentes de Comercio foi bombardeado e n-el toparon honrosa morte dous catalás ilustres: Manuel G. Alba e Jaime Comte.

Hoxe, dí Aymamí que o ser catalanista non significa ren en Cataluña porque todos os catalás o son. Pol-o tanto os partidos que xa pasaron da etapa que poideramos chamar da sementeira do patriotismo, teñen que deixar os seus anceios vellos, xa conqueridos, para trocalos por outra de contido social mais en harmonía cos tempos atuais.

Para Aymamí, o movemento do 6 de Outono non foi unha revolución abafada, sinon o comenzo de unha revolución que pol-o de agora estará latente, pero que algún día sairá de novo a superficie con toda a forza do seu pulo social.

A galanía da prom de Aymamí fai seguir ao leitor con intrés crecente o desenrolo dos sucesos. Destacan no libro as sentidas semblanzas de Alba e de Comte, e as esceas tráxicas da Generalitat e do Centro de Dependentes.

Do éisito de esta obra da idea o feito de que dende marzal a fins de abril se leven feito xa tres numerosas edicións que os lectores catalás esgotaron con un presa desconocida en Galicia para os libros nosos.

Felicítamos ao autor pol-o éisito acadado e laiámonos de que Galicia se atope aínda tan lonxe do gorentador panorama catalán.

BEN-CHO-SHEY.

(1) L. Aymamí i Baudina.—«El 6 d'Octubre tal com jo l'he vist».—1935. Editorial Atena. Barcelona.

GALEGUISTA:

Pod os contribuir extraordinariamente á difusión do noso Semanario e da súa laboura patriótica se despóis de o ler o deixas na barbeiría, no café ou na sociedade a que adoites ir ou o reexpides a algún amigo.